



**Amigos
da Terra**

CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Amigos da Terra

Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense

Tel: 34 988 374318

Fax: 34 988 511020

www.amigosdaterra.net / www.ascorcerizas.com

e-mail: info@ascorcerizas.com

Alimentos Quilométricos

Os alimentos que comemos veñen cada vez de máis lonxe: hortalizas de Marrocos, garbanzos de México, viño de Chile.. Ademais, cada vez é maior a cantidade de alimentos que importamos, contribuíndo ao abuso dos recursos naturais dos países do Sur e agravando o cambio climático pola gran cantidade de emisións de gases de efecto invernadero que supón.

Investiguemos como frear o cambio climático co que comemos cada día!

Obxectivos

- Visualizar o entramado do actual modelo de produción de alimentos
- Analizar as consecuencias ambientais, económicas e sociais deste modelo
- Coñecer alternativas e opcións máis respetuosas e sostibles

Contidos e Metodoloxía

1. **Analítica e reflexiva:** visualizaremos a orixe dos alimentos tendo en conta as emisións de CO2, a superficie necesaria para a súa produción a escala mundial e a pegada ecolóxica deste modelo
2. **Valorativa e proactiva:** a través dun xogo asimilaremos os diferentes pasos da cadea de produción de alimentos, descubriremos as implicacións e consecuencias dun modelo industrializado fronte a un máis sostible e valoraremos as posibilidades que temos para mudar.
3. **Crítica e constructivista:** comprobaremos in situ, a través da visita polo propio Centro, a viabilidade da redución de consumos enerxéticos, así como a produción a partir de diferentes fontes renovables.

Dirxido a: Alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º ESO